



BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE COCIÑEIRO/A PARA A ESCOLA INFANTIL.

1ª.- Obxecto. O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento para cubrir temporalmente unha praza de persoal laboral temporal como cociñeiro/a, cun contrato durante as vacacións do persoal actual, a xornada completa en horario de 8:00 a 16:00 horas de luns a venres.

O contrato sería como persoal laboral temporal, Grupo de cotización 7 e salario bruto mensual de 1.400 € incluíndo a parte proporcional das pagas extras . As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato.

O contrato terá un período de proba de quince días (salvo nos casos en que dita persoa xa estivera traballando nestes postos de traballo no concello de Barreiros). O non superar o período de proba supón que esa persoa quedará eliminada da lista de forma definitiva.

2ª.- Financiación. Esta contratación financiarase con fondos propios municipais.

3ª.- Forma de Selección. O concello enviará oferta á oficina de emprego de Ribadeo, para solicitar que nos remitan aspirantes que se atopen en situación de desemprego ou mellora de emprego e que estean dispoñibles para a realización deste tipo de tarefas.

Os requisitos que se esixen os/as aspirantes serían:

- Titulación académica: ESO, graduado escolar, FP1 ou equivalente
- Curso de manipulador de alimentos.
- Certificado negativo de antecedentes de delitos de natureza sexual (pode solicitarse no momento a través das propias oficinas municipais).

4ª.- Admisión de Aspirantes. Valoraranse os aspirantes incluídos na listaxe remitida pola oficina de emprego conforme ós seguintes criterios pola orde establecida:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Experiencia profesional como cociñeiro/a no sector educativo. Valorarase con unha puntuación de 0,5 puntos por cada mes completo traballado, ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional de cociñeiro/a no sector privado. Valorarase con unha puntuación de 0,5 puntos por cada mes completo traballado, ata un máximo de 3 puntos.

B) FORMACIÓN:

- Por contar con titulación específica referida ó posto de traballo. 2 puntos.
- Por cursos realizados directamente relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.





CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

5ª.- Entrevista:

Farase unha **entrevista o día 26 de xuño, as 10:00 horas**, nas oficinas do concello, onde as persoas interesadas terán que aportar toda a documentación que poda ser valorada, conforme a estas bases.

6ª.- Órgano de Contratación. _A alcaldía, á vista da valoración de todo o proceso, dictará resolución acordando a contratación da persoa que considere máis axeitada.”

